



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE OROSO PARA A EXECUCIÓN DUN APARCADOIRO DISUASORIO NA MARXE ESQUERDA DA ESTRADA N-550 EN SIGÜEIRO, NA ALAMEDA DE GOIS, TERMO MUNICIPAL DE OROSO.

REUNIDOS

En Oroso, a 12 de setembro de 2024

Dunha parte, Don Diego Calvo Pouso, na súa condición de conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Don Alexander Doval Expósito, na súa condición de Alcalde do Concello de Oroso, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe a letra b) do apartado 1 do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Comunidade Autónoma de Galicia ten, entre as súas competencias exclusivas, as obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte a outra Comunidade Autónoma ou provincia, así como a do transporte por estrada non incorporado á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma, ao abeiro dos apartados sete e oito do artigo 27 do





Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril. Pola súa parte, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia, entre outros aspectos, de mobilidade, ao abeiro do artigo 1 do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

SEGUNDO.- O Concello de Oroso exerce como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as de tráfico, estacionamento e mobilidade, ao abeiro da letra g) do apartado 2 do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local..

TERCEIRO.- A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia desenvolveu unha estratexia de mobilidade sustentable, que ten, como un dos seus obxectivos, o fomento dos desprazamentos non motorizados nos ámbitos urbanos e metropolitanos. Neste sentido, propónse a habilitación de aparcadoiros disuasorios na contorna metropolitana das principais cidades de Galicia, e desta forma contribuír á implantación nelas de zonas de baixas emisións, tal e como o esixe a Lei 7/2021, de 7 de maio, de Cambio Climático e Transición Enerxética. A Estratexia Galega de Mobilidade foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 6 de maio de 2024.

CUARTO.- O Concello de Oroso, en liña con esta mesma estratexia, considera que a execución do aparcadoiro disuasorio previsto suporá unha mellora da ordenación do espazo público do termo municipal que reverterá nunha mellor calidade de vida para o conxunto da cidadanía, permitindo un adecuado transvase modal entre o vehículo automóbil privado e os modos de transporte de mobilidade activa ou de transporte público, contribuíndo dese xeito á implantación dunha cultura da mobilidade sostible na cidade.

QUINTO.- Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.



Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS


PRIMEIRA.- OBXECTO



O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Oroso que permitan a transmisión da titularidade e a mellor explotación das obras executadas ao abeiro da Memoria valorada para o acondicionamento dun aparcadoiro disuasorio no termo municipal de Oroso, situado na alameda de Gois, na marxe esquerda da estrada N-550 en Sigüeiro, que está a ser promovido pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS

A memoria valorada redactada para a execución dun aparcamento disuasorio no termo municipal de Oroso, Sigüeiro, na marxe esquerda da estrada N-550, na alameda de Gois, comprende o acondicionamento como aparcamento disuasorio dunha zona que xa está a ser empregada na actualidade ocasionalmente como zona de estacionamento.

As actuacións comprenden principalmente a execución do novo firme e urbanización da zona mediante colocación de bordillos, así como o pintado das marcas viais e a instalación de sinalización vertical e acondicionamento de firme dunha zona que actualmente está en explanada. Así como a sinalización provisional necesaria durante a execución das obras, por tratarse dunha zona de actuación na que actualmente circulan vehículos. Adicionalmente

actuarase sobre o pavimento da senda existente na alameda, escarificando a superficie e aportando xabre-cemento.

Estas actuacións están recollidas no plano de definición das obras que figura como anexo nº1 a este convenio.

TERCEIRA.- COSTE ESTIMADO DAS ACTUACIÓNS

O orzamento necesario para a execución das actuacións obxecto do convenio estímase en CINCUENTA E TRES MIL SETECENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (53.734,78 €) IVE incluído, repartido do seguinte xeito:

- Memoria valorada: 3.611,85 €. Este orzamento inclúe o orzamento base de licitación máis o IVE.
- Obra: 48.395,38 €. Este orzamento inclúe o orzamento base de licitación máis o IVE.
- Asistencia técnica de coordinación de seguridade e saúde: 1.727,55 €. Este orzamento inclúe o orzamento base de licitación máis o IVE.


Para as actuacións necesarias para levar a cabo as obras relativas ao dito proxecto, estímanse as seguintes anualidades orzamentarias:

	PBL sen IVE	PBL con IVE
2024	44.408,91 €	53.734,78 €
Total		53.734,78 €

A operación será financiada ao 100% con fondos propios.

CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asume os seguintes compromisos:







1. Redactar e financiar a "Memoria valorada dun aparcamento disuasorio en Sigüeiro, termo municipal de Oroso".
2. Adxudicar, executar e dirixir as obras e os contratos de servizo necesarios para levar a cabo as actuacións contidas na dita memoria.
3. Financiar o 100% das obras e os contratos de servizo necesarios para levalas a cabo por un importe de CINCUENTA E TRES MIL SETECENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (53.734,78 €) IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 09.02.512A.600.0, código de proxecto 2021 00046 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o ano 2024, segundo se establece na Cláusula Terceira.
4. Comunicarlle ao Concello de Oroso a recepción das obras. A data desta comunicación é a que determina o nacemento da obriga asumida polo Concello de Oroso na cláusula seguinte, de mantemento e conservación das mesmas, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras coa Xunta de Galicia.

QUINTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE OROSO

O Concello de Oroso asume os seguintes compromisos:

1. Poñer a disposición da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes os terreos e infraestruturas necesarias, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula segunda. A posta a disposición formalizarase mediante certificado do Secretario Municipal no que se reflecte a dispoñibilidade dos mesmos por parte do Concello.
2. O Concello de Oroso comprométese a asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da recepción das obras, a titularidade do aparcadoiro disuasorio executado por esta no termo



5

municipal de Oroso na alameda de Gois en Sigüeiro (no marxe esquerdo da estrada N-550) e, polo tanto, a explotación, mantemento, conservación e demais dereitos e obrigas inherentes á súa condición de titular.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e un representante do Concello de Oroso para interpretar as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das cláusulas do convenio.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio.

SÉPTIMA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas cláusulas e, supletoriamente, polos principios da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- VIXENCIA E DURACIÓN

O presente convenio perfeccionase coa súa subscrición e producirá efectos dende a súa sinatura e a súa vixencia manterase ata a recepción das actuacións no prazo sinalado no documento técnico que serve de base para realizar as obras.

En todo caso, a eficacia do presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

NOVENA.- MODIFICACIÓN

As modificacións do convenio formalizaranse mediante addenda cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do convenio.

DÉCIMA.- RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do convenio:

- a) O non cumprimento do seu obxecto.
- b) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- c) O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.
- d) Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do convenio.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.


Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e

Deportes


Diego Calvo Pouso

O alcalde do Concello de Oroso


Alexander Doval Expósito

ANEXO Nº 1



8

